



ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de **ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario **durante o prazo de 15 días** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	A Concellería de Servizos Sociais do Concello das Neves precisa dispor dunha ferramenta axil e efectiva para paliar as carencias económicas das persoas en situación de risco e exclusión social.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Elaborar un marco normativo propio en materia de concesión de axudas de emerxencia social
Obxectivos da norma	A presente Ordenanza ten por obxecto regular e fixar criterios no procedemento de concesión de axudas de emerxencia social destinadas a atención de persoas en situación de exclusión social e favorecer a plena integración social de sectores que carezcan de recursos propios ou suficientes para a atención de necesidades básicas.

O ALCALDE

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

